


  
 DEPUTACIÓN DE LUGO **Medio Rural**
  
 Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade
   
 Deputación Provincial de Lugo
   
 Rúa San Marcos, 8 | 27001 - Lugo

## DA ESCOLA Á GRANXA - OFERTA FORMATIVA ANO 2026

Nome da entidade/produtor	Cencello	Especialidade	Prezo
A Carqueixa e Piornedo Anda	Cervantes	Cooperativa de Gando IXP Terna Gallega	600 €/xornada
A Horta da Sancoveiga	Vilalba	Cultivo de horta e avicultura ecolóxicas	600 €/xornada
ADEGA	No centro escolar	Obradoiros de educación ambiental	575 €/obradoiro
Agroalimentaria Laurentina	Lourenzá	Cultivo de horta, árbores froiteiras e Porco Celta	550 €/xornada
Airas Moniz	Chantada	Queixería e produtos lácteos artesanais	600 €/xornada
Arqueixal	Palas de Rei	Queixería e produtos lácteos ecolóxicos	600 €/xornada
Bisqato	No centro escolar	Obradoiros de elaboración de queixo	575 €/obradoiro
Cachenas Cas Fidalgo	Taboada	Gando vacún autóctono en extensivo	550 €/xornada
Cachenas de San Breixo	Triacastela	Gando vacún autóctono en extensivo	550 €/xornada
Casa Benito	O Incio	Diversidade produtiva: gando vacún en extensivo, castañas e noces, apicultura	600 €/xornada
Casa Bértolo	Friol	Agricultura, gandería e queixería	600 €/xornada
Casa da Fonte	Ferreira de Pantón	Leitaría e produtos lácteos con pastoreo en extensivo	600 €/xornada
Caurelor	Quiroga	Castañas, marmeladas, zumes e mel	550 €/xornada
Champivil	Vilalba	Envasado de produtos autóctonos e naturais (setas, grelos, ortigas, etc...)	550 €/xornada
Daveiga	Chantada	Elaboración de tostas de pan	550 €/xornada
El País del Abeyeiro	Negueira de Muñiz	Apicultura tradicional e ecomuseo	600 €/xornada
Embutidos Suarna	Navia de Suarna	Elaboración de embutidos artesanais	550 €/xornada
Finca Agroecolóxica O Balado	Ribadeo	Granxa ecolóxica con horta, froita, coellos, ocas e patos	550 €/xornada
Fogares e Apoio aos Menores Lar	Cospoito	Razas galegas autóctonas: Vacún, porcino, avicultura, ovino, cabrún, etc.	550 €/xornada
Gandería Alejandro Salvatierra	A Pontenova	Gando cabalo galego, vacún, cabrún, porcino e ovino	600 €/xornada
Gandería Ana Pérez Boo	Vilalba	Gando ovino extensivo en pastoreo	600 €/xornada
Gandería Castelo	A Pastoriza	Granxa de vacún de leite, muxido con robot	600 €/xornada
Gandería Cid	Barreiros	Granxa de vacún de leite con recría	600 €/xornada
Gandería Docampo	Castroverde	Granxa mixta de vacún, ovino e cabrún (pastoreo rexenerativo)	550 €/xornada
Gandería Feral	Outeiro de Rei	Granxa de Porco Celta	550 €/xornada
Granxa Aeirolá	Láncara	Granxa avícola, ovos e ovella galega	550 €/xornada
Granxa Angus do Campo	Castroverde	Gando vacún angus extensivo ecolóxico	550 €/xornada
Granxa Teixeira e Pistón	Becerreá	Gando cabrún e cabalar en extensivo	600 €/xornada
Mantoño Holstein	Barreiros	Gando vacún leiteiro extensivo	600 €/xornada
Mel Casa da Torre	Cervantes	Produción apícola artesá de alta montaña	550 €/xornada
Mel das Fadas	No centro escolar	Obradoiros de produción de mel	575 €/obradoiro
Milhulloa	Palas de Rei	Herbas medicinais e cosmética ecolóxica	550 €/xornada
Muvicla	Láncara	Museo de maquinaria agrícola, gando vacún e mazás en ecolóxico	600 €/xornada
O Espírito da Colmea	Antas de Ulla	Produción apícola artesá - Apicultores por un día	550 €/xornada
O Muíño de Coea	Castro de Rei	Muíño de auga, elaboración de fariña. Galiña de Mos, Galiña Piñeira e ovelas	550 €/xornada
O Trobo, Mel do Valadouro	O Valadouro	Museo do mel e produción apícola	550 €/xornada
Os Arroxos	Castro de Rei	Granxa de vacún de leite, muxido con robot	600 €/xornada
Pingas de Gaia	Vilalba	Apicultura e obradoiros de mel, horta, froiteiras; gando ovino, cabrún e cabalar	550 €/xornada
Ribeiregas	Negueira de Muñiz	Horta, froiteiras, elaboración de zumes e conservas vexetais	550 €/xornada
SAT O Palomar	Láncara	Granxa de gando vacún leiteiro	600 €/xornada
Sen Máis - As Vacas da Ulloa	Palas de Rei	Leite e produtos lácteos ecolóxicos	600 €/xornada
Terras da Mariña	Lourenzá	Produción de IXP Faba de Lourenzá	550 €/xornada
Traloagro	Friol	Gando vacún e avícola ecolóxico	600 €/xornada
Tres Fuciños S. Coop. Galega	Carballedo	Cooperativa de Porco celta e horta	550 €/xornada
Tropic Gaia	No centro escolar	Obradoiros de horta e plantacións	575 €/obradoiro

### A CARQUEIXA S. COOP. GALEGA e PIORNEDO ANDA

1.- Nome da granxa: A Carqueixa S. Coop. Galega e Piornedo Anda.


2.- Localización: Piornedo. Cervantes.

Coordenadas: 42.8558, -6.8755. Ubicación: <https://goo.gl/maps/xjwGEosuHoYUxuSQ6>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 50 alumnos/as** por actividade formativa.

4.- Actividades:

- Difusión pedagóxica dos valores dos habitantes dos Ancares.
- Cooperativa de granxas de vacún de carne A Carqueixa co selo IXP Ternera Gallega Suprema.
- “Gandería heroica”, con actividades relacionadas coa gandería extensiva nos pastos de alta montaña e coa transhumancia. Inclúe degustación dos produtos da cooperativa “O Sabor dos Ancares”.
- Xincana pedagóxica para coñecer a cultura e tradición agraria vencellada ao entorno patrimonial das Pallozas de Piornedo, con visita á Palloza Museo Casa do Sesto.



5.- Custo das actividades: 600 €/xornada, IVE incluído. Duración 2-3 horas.

6.- Contacto: **Román Sánchez (A Carqueixa)**, tef. 670 300 380. **Lucía González**, tef. 618 590 273.

Correo: [administracion@acarqueixa.com](mailto:administracion@acarqueixa.com); [coordinacion@acarqueixa.com](mailto:coordinacion@acarqueixa.com)

7.- Accesibilidade: parte das actividades desenvólvense ao aire libre e finalizan na palloza Museo que se atopa na aldea de Piornedo. Cóntase co local social da aldea para as actividades, o cal dispón de aseo. Aconsellable levar roupa e calzado axeitado para exterior en zona de montaña.

### A HORTA DA SANCOVEIGA

1.- Nome da produtora: Ana Isabel Martínez Cancio.

2.- Localización: Lugar de Sancobade - Muiños. Vilalba.

Coordenadas: 43.2796, -7.6772 . Ubicación: <https://maps.app.goo.gl/Aqhvh0RcRYADiQps6>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 30 alumnos/as** . As datas preferentes para a realización das actividades programadas son de **maio a xuño** e de **setembro a outubro**.

4.- Actividades:

- Proxecto de produción agrícola ecolóxica pertencente a unha muller emprendedora con discapacidade auditiva.
- Cultivo da horta ecolóxica: sementeira, plantación e colleita.
- Venta directa de produtos ecolóxicos de proximidade da horta propia e asistencia a mercados tradicionais e feiras locais ecolóxicas. Posúe servizo de reparto a domicilio.
- Manexo de agricultura ecolóxica e avicultura autóctona artesanal de “Galiña de Mos”.
- Actividade sobre a experiencia e taller de boas prácticas da agricultura ecolóxica.
- Visita guiada ás instalacións da horta e das instalacións de avicultura ecolóxica artesanal.



5.- Custo das actividades: 600 €/xornada, IVE incluído. Duración: 2 horas.

6.- Contacto: **Ana Isabel Martínez Cancio** . Comunicación con WhatsApp: 695 914 455.

Correo: [ana\\_llalba@hotmail.com](mailto:ana_llalba@hotmail.com)

Web: [ahortadasancoveiga.com](http://ahortadasancoveiga.com)

7.- Accesibilidade: As actividades realízanse mediante intérprete de Lingua de Signos, para permitir unha axeitada comunicación e aproveitamento das persoas con diversidade funcional. Disponibilidade de baños na vivenda familiar pertencente á propia granxa.

## ADEGA

- 1.- Nome da entidade: Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza.
- 2.- Localización: Actividades impartidas nas instalacións dos propios centros escolares que o soliciten.
- 3.- Condicións do obradoiro: **MÁXIMO 30 alumnos/as por obradoiro.**
- 4.- Actividades (obradoiros de educación ambiental):
  - **Aforramos auga, conservamos vida:** Realización dunha inspección do consumo da auga no centro e elaboración de medidas, se fosen necesarias, para aforrar o consumo, evitando contaminantes e favorecendo a vida animal e vexetal.
  - **Bombardeo de sementes:** Creación de bombas de sementes con arxila, para que as lancen no cole ou no sitio que elixan.
  - **Coida a vida, coida os mares:** Medio litoral e limpeza de lixo mariño: A costa galega acolle unha elevada diversidade natural que compre coñecer e valorar. Unha das ameazas é o lixo mariño e os microplásticos que afectan a numerosas especies. Taller para descubrir a presenza dos microplásticos na area das praias e usos artísticos do lixo mariño.
  - **Coidando as aves amigas:** Creación de comedeiros con material de refugallo para atraer paxaros insectívoros que axudan a manter as pragas controladas. Entrega de fichas, as aves que vemos dende a nosa fiestra, para ir cubrindo ao longo do curso escolar.
  - **Conservando os bosques:** Conversa sobre a importancia dos nosos bosques e do correcto aproveitamento do papel. Faremos papel reciclado a partires de xornais vellos.
  - **Creación dun hotel de Insectos:** Con material de refugallo construiremos un hotel, para uns dos máis importantes e tamén máis esquecidos veciños da nosa contorna, os insectos. Falaremos da súa importancia para o medio agrario. **IMPORTANTE: ACTIVIDADE SÓ PARA NENOS/AS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**
  - **Enerxía que non dana ao medio ambiente:** todos os días empregamos enerxía. Aprenderemos de onde ven e que clases hai e o seu impacto no entorno próximo e para o planeta. Taller para a construción dun papaventos e/ou dun forno solar en función da climatoloxía. **IMPORTANTE: ACTIVIDADE SÓ PARA NENOS/AS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.**
  - **Elaboración da miña propia pasta de dentes:** Preparación de pasta de dentes natural e ecolóxica a partires das herbas que podemos atopar nos nosos hortos.
  - **Producindo compostaxe no cole!:** Instalación dun composteiro no centro de ensino. Impartirase unha charla e material informativo e didáctico para o centro.
  - **Fabricando espantallos con material de refugallo:** Elaboración de espantallos con materias que ían acabar no lixo. Iniciar ao alumnado nas 3 R: reducir, reutilizar e reciclar.



5.- Custo do obradoiro: 575 €/obradoiro, IVE incluído. Duración 1-2 horas.

6.- Contacto: **Ramsés, tef. 616 238 050**

Correo: [ramses@adega.gal](mailto:ramses@adega.gal). Web: <https://adega.gal>

7.- Observacións: é preciso solicitar cando menos unha visita a algunha das granxas do catálogo para solicitar algún obradoiro de ADEGA, Bisqato, Mel das Fadas, ou Tropic Gaia.

### AGROALIMENTARIA LAURENTINA

1.- Nome da granxa: Agroalimentaria Laurentina.

2.- Localización: Lourenzá.

Coordenadas: 43.4743, -7.2906. Ubicación: <https://maps.app.goo.gl/UFvgyWJCQoHDqkqR9>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 50 alumnos/as** por actividade formativa. Meses ideais **maio, xuño, setembro e outubro** (pola abundancia, variedade e diversificación de cultivos), aínda que se pode adaptar a calquera época do ano.

4.- Actividades:

- Visita ás plantacións de horta e os cultivos de tempada (xudías, pementos, fabas, cebolas, porros, repolos, nabizas, grelos, chícharos, patacas, verzas, berenxenas, cabazas, leitugas, amorodos, millo, etc..; onde se detallan os procesos produtivos, tratamento dos solos, importancia da aplicación de métodos sostibles, a rotación e combinación de cultivos e a colleita! E o máis importante, que os/as nenos/as descubran de onde proceden os alimentos que están consumindo diariamente e todos os coidados que precisan.
- Visita á granxa familiar na que os/as escolares interactúan en todo momento co entorno.
- Visita aos porquiños Celtas que se alimentan dos restos dos cultivos e rexeneran os solos.
- Visita a plantación de árbores froiteiras situada no Val de Lourenzá, onde se percorre a plantación, observando as distintas variedades de maceiras, pereiras, cerdeiras, kiwis, etc... Visita ás instalacións avícolas con polos e galiñas de Mos que coidan os chans das nosas árbores.
- Explicarase a importancia dunha agricultura sostible, de produtos de tempada e produtos autóctonos, rotación de cultivos así como a importancia dos animais de razas autóctonas galegas, que se alimentan dos restos das nosas árbores e coidan do noso entorno, pechando así o ciclo produtivo completo da maneira máis natural posible co obxectivo de producir alimentos máis saudables e respectuosos co medio ambiente.
- Xogo: "*Nomeamento da túa árbore*": no que os/as pequenos/as lle porán o seu nome a árbore que escollan.
- Os nenos e nenas poderán elaborar os seus propios semilleiros coas sementes máis indicadas en cada época do ano, así como participar na colleita dos seus propios froitos.



5.- Custo das actividades: 550 €/xornada, IVE incluído. Duración 2-3 horas.

6.- Contacto: **Pepe, tef. 636 679 512.**

Correo: [agroalimentarialaurentina@gmail.com](mailto:agroalimentarialaurentina@gmail.com)

7.- Accesibilidade: parte das actividades desenvólvense ao aire libre. Só se dispoñen baños e aseos ao inicio e final da actividade. Aconsellable levar roupa e calzado axeitados para camiñar nas zonas de plantación dos diferentes cultivos.

## AIRAS MONIZ

1.- Nome da granxa: Airas Moniz.

2.- Localización: Lugar Outeiro - San Salvador de Asma. Chantada.


Coordenadas: 42.599, -7.7550. Ubicación: <https://goo.gl/maps/evgMy83XYKbxi4Q88>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 30 alumnos/as**, visita á granxa e á queixería + taller.

**MOI IMPORTANTE: A idade mínima está restrinxida a maiores de 8 anos.**

4.- Actividades:

- Visita guiada á granxa e á queixería.
- É unha das granxas referentes en Galicia na produción de leite de pastoreo de calidade.
- Granxa de vacún de leite con raza jersey en réxime de pastoreo extensivo.
- Elaboración de manteiga e queixo, premiados en varias edicións do Salón Gourmet de Madrid e no galardón que outorga o Ministerio de Agricultura nos premios “Alimentos de España” ao mellor queixo azul de España e 4 variedades finalistas.



5.- Custo actividades: 600 €/xornada, IVE incluído. Visita, taller e actividades 2 h de duración.

6.- Contacto: **Suso, tef. 639 692 351.**

Correo: [info@airasmoniz.com](mailto:info@airasmoniz.com)

7.- Accesibilidade: as actividades desenvólvense en parte ao aire libre. Só se dispoñen baños e aseos na leitería ao inicio e final da actividade. Aconsellable levar roupa e calzado axeitados para camiñar nas zonas de pastoreo.

## ARQUEIXAL

1.- Nome da granxa: Arqueixal.


2.- Localización: Santiago de Albá. Palas de Rei.

Coordenadas: 42.8465, -7.8876. Ubicación: <https://goo.gl/maps/JuQmJRGvXMdkfB6c6>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 35 alumnos/as**, visita á granxa, interacción cos animais, visita teatralizada e taller de elaboración de queixo.

4.- Actividades:

- Granxa pioneira na produción de leite ecolóxico con vacas de raza parda alpina.
- Elaboración de queixo, iogurt natural e envasado de leite fresco con cata dos ditos produtos ecolóxicos.
- Agroecoturismo activo e cultura do coñecemento da tradición: complexo de agroecoturismo con parladoiro, recreación de labores e oficios tradicionais, unidade didáctica empírica para colexios baixo o nome “Tempos de aldea”. Visita teatralizada á aldea e á Casa da Rebordela.
- Visita ás instalacións da propia granxa e interacción cos animais en pastoreo.
- Taller de elaboración de queixo, con agasallo de envase para levar á casa o queixo que cada neno/a elabore.



5.- Custo das actividades: 600 €/xornada. Duración: 2 - 3 horas.

6.- Contacto: **Xosé Luís Carreira, tef. 629 176 030 / 982 380 251.**

Correo: [contacto@arqueixal.com](mailto:contacto@arqueixal.com)

7.- Accesibilidade: as actividades desenvólvense en parte ao aire libre. Só se dispoñen baños e aseos na leitería ao inicio e final da actividade. Aconsellable levar roupa e calzado axeitados para camiñar nas zonas de pastoreo.

## BISQATO

1.- Nome da granxa: ATELIER BISQATO, S.L.

2.- Localización: Actividades impartidas nas instalacións dos propios centros escolares que o soliciten.

3.- Condicións do obradoiro: **MÁXIMO 25 alumnos/as por obradoiro no propio centro escolar.** Limitación temporal segundo o calendario escolar.

4.- Actividades:

- Obradoiro de elaboración de diferentes tipos de queixo dende un punto de vista máis científico, con introdución práctica e didáctica aos principios da industria agroalimentaria baseada na fermentación láctica.
- Química aplicada á tecnoloxía queixeira e ao proceso de elaboración, adaptada á idade do alumnado (pH e enzimas).
- Física aplicada á tecnoloxía queixeira e ao proceso de elaboración, adaptada á idade do alumnado (temperatura, tamaño da cuallada, velocidade de batido).
- Bioloxía aplicada á tecnoloxía queixeira e ao proceso de elaboración, adaptada á idade do alumnado.



5.- Custo das actividades: 575 €/obradoiro, IVE incluído. Duración: 1-2 horas.

6.- Contacto: **María del Pilar Veiga Duarte, tef. 687 500 822**

Correo: [bisqato@bisqato.com](mailto:bisqato@bisqato.com) Web: <https://www.instagram.com/bisqato/?hl=es>

7.- Observacións: é preciso solicitar cando menos unha visita a algunha das granxas do catálogo para solicitar algún obradoiro de ADEGA, Bisqato, Mel das Fadas, ou Tropic Gaia.



## CACHENAS DE SAN BREIXO

1.- Nome da granxa: Cachenas de San Breixo.

2.- Localización: San Breixo 2. Triacastela.

Coordenadas: 42.7584, -7.2487. Ubicación: <https://maps.app.goo.gl/pFi2XFF2KHbtZUuW7>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 50 alumnos/as**. Disponibilidade **desde o mes de marzo ata outubro**. Aconsellable realizar a actividade antes do mes de Novembro.

4.- Actividades:

- Granxa que combina tres orientacións produtivas: gando vacún autóctono Cacheno e, de forma secundaria Porco Celta e Galiña de Mos.
- Comercializa xatos cebados de raza Cachena e ovos de Galiña de Mos, e emprega o Porco Celta para o aproveitamento das zonas forestais da propia granxa.
- Talleres para os rapaces:
  - Visita de instalacións das Vacas Cachenas e do Porco Celta (ambos en sistema extensivo), e da Galiña de Mos.
  - Lectura do libro escrito por Mirella López Díaz “Breicar en el Camino de Santiago”, que relata as aventuras dos seus fillos no camiño de Santiago.



5.- Custo das actividades: 550 €/xornada. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: **Jordi, tef. 600 738 154.**

Correo: [info@cachenasdesanbreixo.com](mailto:info@cachenasdesanbreixo.com)

7.- Accesibilidade: as actividades desenvólvense en parte ao aire libre. Só se dispoñen baños e aseos ao inicio e final da actividade. Aconsellable levar roupa e calzado axeitados para camiñar nas zonas de pastoreo, xa que a actividade realízase ao aire libre.

## CASA BENITO

1.- Nome da granxa: Casa Benito.


2.- Localización: Pedrouzos nº 1- Toldaos. O Incio.

Coordenadas: 42.6811, -7.3410. Ubicación: <https://maps.app.goo.gl/zXecoLnwtBbvH1jE9>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 30 alumnos/as** por grupo.

4.- Actividades:

- Granxa con diversidade produtiva: Gando Limusín en extensivo, produción de castañas e noces, e actividade apícola con elaboración de mel e derivados das abellas: pole, cera, etc...
- Granxa certificada en produción ecolóxica.
- Visita adaptada á climatoloxía e consensuada co centro educativo, podendo elixir o centro as opción ofertadas.
- Realización dun roteiro, visitando a granxa de vacún de carne en extensivo de raza Limusín e a súa contorna, parando a ver un Caleiro (forno de pedra calcarea).
- Nas instalación cuberta realízase a simulación da extracción do mel e a reciclaxe da cera, con explicación de todo o proceso produtivo así como diversas curiosidades da colmea.
- Taller de velas artesanais, nas súas distintas presentacións, enroladas, en molde, por inmersión, ou decoración dun bote de mel para agasallo.
- Merenda pequena con leite e biscoito para coller forzas despois do roteiro e antes do comezo do taller.
- Detalle dun pequeno obsequio da produtora para os/as nenos/as da actividade.
- Posibilidade de visita a unha alvariza tradicional (máximo 20 persoas), facendo parada na igrexa de Hospital (única Igrexa románica de mármore en España) e finalizando cun taller de velas e explicación da vida na colmea.



5.- Custo das actividades: 600 €/xornada. Duración 2 – 3 horas.

6.- Contacto: **Ana Mendoza, tef. 629 019 912.**

Correo: [casabenitoincio@gmail.com](mailto:casabenitoincio@gmail.com)

7.- Accesibilidade: as actividades desenvólvense en parte ao aire libre. Aconsellable roupa e calzado axeitados para camiñar nas zonas de pastoreo. Adaptarase a visita a climatoloxía e as condición do grupo visitante. Consensuando o itinerario e actividades co centro educativo. O taller pode realizarse na propia granxa ou no local municipal (con calefacción e baños, a elección da Anpa).

## CASA BÉRTOLO

1.- Nome da granxa: Casa Bértolo SC.



2.- Localización: Lugar Macedo e O Castro - Condes. Friol.

Coordenadas: 43.0069, -7.8003. Ubicación: <https://goo.gl/maps/qUQBFGwXpHfo4eSAA>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 50 alumnos/as.**

4.- Actividades:

- Granxa familiar mixta de vacún del leite e carne (rubia galega) en réxime de pastoreo, día e noite, en convivencia co lobo
- Produción de leite, carne e queixos certificados polo CRAEGA dende o 2014.
- Coa experiencia acumulada de varias xeracións e a filosofía da agricultura CSA: Agricultura Sostida pola Comunidade. Venda directa.
- Asociada ao Sindicato Labrego Galego e con experiencia na organización de visitas aos modelos de aldeas reais.



5.- Custo das actividades: 600 €/xornada. Duración 2 - 3 horas. Degustacións.

6.- Contacto: **Concha, tef. 636 261 224.**

Correo: [casabertolo@gmail.com](mailto:casabertolo@gmail.com)

7.- Accesibilidade: as actividades desenvólvense en parte ao aire libre. Dispóñense de baños e aseos na queixería. Aconsellable roupa e calzado axeitados para camiñar nas zonas de pastoreo.

### CASA DA FONTE

1.- Nome da granxa: Casa da Fonte.


2.- Localización: Mañente. Pantón.

Coordenadas: 42.4992, -7.5728. Ubicación: <https://goo.gl/maps/546MnaZb1eaUGG7b9>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 50 alumnos/as** por actividade formativa.

4.- Actividades:

- Granxa de vacún en extensivo e pastoreo ecolóxico, poñendo en valor o hábitat natural.
- Sistema de muxidoira no prado con sala de muxidoira móbil.
- Elaboración e comercialización propias de produtos lácteos (leite, nata, iogures, queixo e manteiga). A actividade principal é un taller de produtos lácteos na propia queixería da granxa.
- Diversificación produtiva na granxa: porco celta, pitas poñedoras, cebo de polos, cabalos, etc...
- Organización de visitas á granxa e ao obradoiro de produtos lácteos, con material incluído.



5.- Custo das actividades: 600 €/xornada, IVE incluído. Duración 3 horas.

6.- Contacto: **Ana Díaz, tef. 611 918 718.**

Correo: [visitascasadafonte@gmail.com](mailto:visitascasadafonte@gmail.com)

7.- Accesibilidade: as actividades desenvólvense ao aire libre. Só se dispoñen baños e aseos no obradoiro de produtos lácteos ao inicio e final da actividade. Aconsellable levar roupa e calzado axeitados para camiñar nas zonas de pastoreo cos animais.

## CAURELOR

1.- Nome do produtor: Caurelor.

2.- Localización: Espandariz s/n. Quiroga.

Coordenadas: 42.4715, -7.2952. Ubicación: <https://goo.gl/maps/H8SjYPEwn35wzpr66>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 50 alumnos/as**. Datas preferentes: **abril, maio, setembro, e outubro**.

4.- Actividades:

- Produción de castañas, marmeladas, zumes e mel.
- Diversificación produtiva a partir dun número reducido de colmeas para o envasado de mel.
- Elaboración a partir de produtos da serra do Courel.
- Produción artesá e ecolóxica, en función dos ciclos naturais.
- Visita ao souto de Santa Eufemia no Courel, dentro do Xeoparque “Montañas do Courel”. Explicación do ciclo produtivo coa recolección dos produtos (arandos, castañas, etc...).
- Chegada a Quiroga, onde se atopa o obradoiro. Explicación e degustación de produtos.



5.- Custo das actividades: 550 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 - 3 horas.

6.- Contacto: **Verónica, tef. 675 930 164 / Daniel, tef. 615 598 075.**

Correo: [info@caurelor.com](mailto:info@caurelor.com); [info@castanasdocaurel.com](mailto:info@castanasdocaurel.com)

7.- Accesibilidade: as actividades desenvólvense ao comezo ao aire libre. Só se dispoñen baños e aseos no obradoiro de elaboración. Aconsellable levar roupa e calzado axeitados para camiñar no roteiro polo souto.

## CHAMPIVIL

1.- Nome do produtor: Champivil Castelo SL.


2.- Localización: Rúa Mourence 6. Vilalba.

Coordenadas: 43.3000, -7.6932. Ubicación: <https://goo.gl/maps/bnrhhKtm94wLL3N47>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 50 alumnos/as.**

4.- Actividades:

- Empresa familiar de Vilalba que envasa produtos autóctonos e exporta conservas de vexetais e cogomelos de tempada de Galicia aos principais mercados.
- Envasado o mesmo día da recolleita, ofrecendo así unha gama de produtos naturais sen conservantes nin aditivos, procedentes unicamente de Galicia.
- Innovación coa venda de ortigas envasadas e unha gama de cervexas artesanás.
- Organización de visitas de centros escolares con talleres de transformación e envasado de grelos e outros produtos vexetais.
- Inclúe taller de temática ambiental impartido dentro do marco do proxecto “Lugo Naturalmente”.



5.- Custo das actividades: 550 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 horas.

6.- Contacto: **Luz Divina, tef. 609 680 761 / 982 511 222.**

Correo: [info@champivil.com](mailto:info@champivil.com)

7.- Accesibilidade: as actividades desenvólvense no interior das instalacións de envasado. Dispónse de baños e aseos no seu interior.

## DAVEIGA - MARIÑEIRAS

1.- Nome do produtor: Mariñeiras Daveiga.


2.- Localización: Polígono "Os Acivos". Chantada.

Coordenadas: 42.5892 -7.7757. Ubicación: <https://goo.gl/maps/nPCyKsvUyxBdRtB87>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 45 alumnos/as** (división en grupos de 15). Datás ideais: **outubro a xuño**.

4.- Actividades:

- Empresa de economía social para a elaboración de tostas de pan "MARIÑEIRAS".
- Adaptación moderna do pan seco que utilizaban os mariñeiros desde o século XV, unha solución moi antiga dos mariñeiros para conservar o pan nas longas travesías oceánicas de forma natural.
- Visita ao obradoiro, para ver o proceso de elaboración das Galletas Mariñeiras.
- Posta en común de aspectos relevantes do proxecto: Economía Social, Desenvolvemento Rural, Economía Circular (aproveitamento auga da chuvia, acumulación enerxética, aproveitamento de residuos orgánicos, etc...).
- Agasallo dun lote de mariñeiras por persoa participante, valorado en 10 euros.



5.- Contacto: **Xosé Lois Lamazares / Alba Rodríguez, tef. 982 440 222.**

Correo: [info@daveiga.es](mailto:info@daveiga.es)

6.- Custo das actividades: 550 €/xornada , IVE incluído. Duración 2 horas.

7.- Accesibilidade: as actividades desenvólense no interior das instalacións do obradoiro. Disponibilidade de baños, aseos e vestiarios no seu interior. Instalacións deseñadas con acceso para persoas con mobilidade reducida e/ou cadeira de rodas.

## EL PAÍS DEL ABEYEIRO

1.- Nome da granxa: El país del Abeyeiro.


2.- Localización: Aldea de Pena da Nogueira. Negueira de Muñiz.

Coordenadas: 43.0892, -6.9269. Ubicación: <https://goo.gl/maps/GeUkixUoTX2Pqk4G6>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 30 alumnos/as**. Aconsellable en **maio, xuño e setembro**.

4.- Actividades:

- Visita guiada ao Ecomuseo “El Pais del Abeyeiro”, dedicado ao mundo do mel e á apicultura tradicional compatible coa biodiversidade nunha aldea de montaña con presenza de oso.
- Visita guiada ao Xardín de Polinizadores “Fernando Fueyo” e coñecemento dos polinizadores silvestres (moscas, bolboretasm escarabellos, abellóns e abellas silvestres), a súa ecoloxía en relación ás prantas e a súa importancia na conservación e natureza.



5.- Custo das actividades: 600 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 horas.

6.- Contacto: **Alberto Uría, tef. 636 209 880.**

Correo: [hola@elpaisdelabeyeiro.com](mailto:hola@elpaisdelabeyeiro.com)

7.- Accesibilidade: As actividades realízanse en parte no exterior, ao aire libre. Existen baños nas instalacións. O espazo existente na entrada limita o acceso a un microbús de pequena capacidade, salvo que o bus grande aparque no inicio da rampa de acceso ás instalacións do ecomuseo.

## EMBUTIDOS SUARNA

1.- Nome do produtor: Embutidos Suarna SL.


2.- Localización: Avenida Ancares 72 - A Pobra de Navia. Navia de Suarna.

Coordenadas: 42.9664, -7.0034. Ubicación: <https://goo.gl/maps/2tM9VmmbaP9njPRm9>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 50 alumnos/as.**

4.- Actividades:

- Posta en valor dos produtos vencellados a este territorio de montaña que comprende Os Ancares Lucenses.
- Visita ao obradoiro artesán para coñecer a elaboración e afumado de produtos derivados cárnicos: androlla e outros embutidos como botelos da Montaña, anoados no estómago, pigureiros, embutidos no cego, chourizos, lombo, cecina, lingua e touciño entrefebrado.
- Venda *en liña* de produtos artesáns e participación e asistencia a feiras tradicionais.
- Xeración de valor engadido e de emprego feminino, tanto no obradoiro como na tenda de distribución propia, grazas ao traballo e dedicación da emprendedora que está ao fronte deste proxecto empresarial.



5.- Custo das actividades: 550 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 horas.

6.- Contacto: **M<sup>a</sup> Carmen Sánchez**, tef. 648 048 795

Correo: [embutidosuarna@hotmail.com](mailto:embutidosuarna@hotmail.com); [info@embutidosuarna.com](mailto:info@embutidosuarna.com)

7.- Accesibilidade: as actividades desenvólvense no interior das instalacións de envasado. Dispóñense de baños e aseos no seu interior.

## FINCA AGROECOLOXICA O BALADO

1.- Nome do produtor: Finca Agroecolóxica O Balado (Pablo Méndez Rodriguez).



2.- Localización: As Anzas– Piñeira. Ribadeo.

Coordenadas: 43.4977, -7.0905. Ub: [https://maps.app.goo.gl/8JVKq3yqbBcBH2PR6?g\\_st=am](https://maps.app.goo.gl/8JVKq3yqbBcBH2PR6?g_st=am)

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 30 alumnos/as**. Aconsellable programar actividade nos meses de **abril, maio, xuño e setembro**.

4.- Actividades:

- Granxa ecolóxica con cultivo de horta e froita. Interacción cos animais da granxa: coellos, ocas e patos. Oferta variada de organización de talleres:
- Exploradores do bosque comestible, a modo de obradoiro sensorial de plantas e froiteiras plantadas na granxa.
- Observación da vida do solo, coa posibilidade que os/as nenos/as poidan interactuar coa propia plantación dunha árbore froiteira ou cultivo ecolóxico segundo a época do ano na que se realice a visita.
- Arte floral: elaboración dunha mandala individual con flores e follas recollidas durante o roteiro pola finca da granxa.
- Actividade de deseño de sistemas agroforestais ou bosques de alimentos.
- Construcións con troncos.



5.- Custo das actividades: 550 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 horas.

6.- Contacto: **Pablo, tef.616 987 988**

Correo: [agroforesta20@gmail.com](mailto:agroforesta20@gmail.com)

7.- Accesibilidade: parte das actividades desenvólvense ao aire libre. Só se dispoñen baños e aseos nas instalacións da granxa ao inicio e final da actividade. Aconsellable levar roupa e calzado axeitados para camiñar nas zonas de pastoreo.

### FOGARES E APOIO AO MENOR LAR

1.- Nome do produtor: Fogares e apoio ao menor Lar.



2.- Localización: Muimenta, 11. Cospeito.

Coordenadas: 42.2555, -7.4337. Ubicación: <https://maps.app.goo.gl/udAhaMwa3q3V3bqe8>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 50 alumnos/as**. Disponibilidade **desde o mes de abril**.

4.- Actividades:

- Granxa de razas autóctonas que promove a inserción laboral de rapazas e rapaces que residen na casa familiar Lar Muimenta.
- Granxa que fomenta o uso de Razas Autóctonas, con exemplares de Vaca Cachena, Porco Celta, Galiña Piñeira, Galiña de Mos, Ovella Galega, Cabra Galega, Can de Palleiro, Can guicho e burra do país e Cabalo Galego.
- Talleres para os rapaces:
  - Visita de instalacións das distintas razas autóctonas en réxime extensivo.
  - Asociación de xogos tradicionais Xotramu.
  - Museo das zocas.
  - Escola antiga restaurada e aula pedagóxica.



5.- Custo das actividades: 550 €/xornada, IVE incluído. Duración 3 horas.

6.- Contacto: **Pepe, tef. 680 745 446**

Correo: [larmuimenta@hotmail.com](mailto:larmuimenta@hotmail.com)

7.- Accesibilidade: parte das actividades desenvólvense ao aire libre. Só se dispoñen baños e aseos nas instalacións da granxa ao inicio e final da actividade. Aconsellable levar roupa e calzado axeitados para camiñar nas zonas de pastoreo.

### GANDERÍA ALEJANDRO SALVATIERRA

1.- Nome da granxa: Gandería Alejandro Salvatierra.


2.- Localización: Neipín – Vilaboia. A Pontenova.

Coordenadas: 43.3250, -7.1631. Ubicación: <https://goo.gl/maps/G66NsPt934hZcpKB8>

3.- Condicións da visita: **MÁXIMO 50 alumnos/as**. Aconsellable realizar a actividade antes do mes de Novembro.

4.- Actividades:

- Granxa extensiva que fomenta a preservación e conservación de gando autóctono cabalar e vacún, acompañado de gando ovino, cabrún e porcino en extensivo.
- Emprego de silvopastoreo das razas autóctonas para a transformación de superficie abandonada en pastizais sen necesidade de roturación mecánica.
- Granxa gandeira complexa, con distintos tipos de gando que se complementan entre si nun sistema integral no que cada especie ten a súa función e permiten un aproveitamento multifuncional do monte.
- Degustación ao remate da actividade con produtos da propia granxa.



5.- Custo das actividades: 600 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 horas.

6.- Contacto: **Alejandro Salvatierra, tef. 678 061 300.**

Correo: [anayalejandro-sc@hotmail.com](mailto:anayalejandro-sc@hotmail.com)

7.- Accesibilidade: as actividades desenvólvense ao aire libre. Só se dispoñen baños e aseos nas instalacións da granxa ao inicio e final da actividade. Aconsellable levar roupa e calzado axeitados para camiñar nas zonas de pastoreo. Recoméndase acceso con microbús.

## GANDERÍA ANA PÉREZ BOO

1.- Nome da granxa: Gandería Ana Pérez Boo.

2.- Localización: Lg. Pedreira, 6. – Carballido. Vilalba.

Coordenadas: 43.3143, -7.5520. Ubicación: <https://maps.app.goo.gl/m8U32aahGQDPYFL36>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 40 alumnos/as**. Datás preferentes: dende **abril ata xuño**.  
Datás excluíntes: meses de novembro e decembro.

4.- Actividades:

- Granxa de gando ovino, asociada a OVICA (Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia). Visita á granxa e as súas instalacións para descubrir como se pastorea.
- Explicación dos distintos tipos de produción en gando ovino, sistemas de cría, labores para o seu manexo e os beneficios medioambientais que aporta a gandería extensiva.
- Diferentes produtos obtidos, facendo especial fincapé na produción da lã das ovellas, as súas propiedades e os seus posibles usos.
- A actividade principal é un pequeno taller de procesado de lã: labores de cardado, fiado e afieltrado.



5.- Custo das actividades: 600 €/xornada, IVE incluído. Duración 2-3 horas.

6.- Contacto: **Ana Pérez Boo, tef. 698 181 712.**

Correo: [ana.pboo@yahoo.es](mailto:ana.pboo@yahoo.es)

7.- Accesibilidade: parte das actividades desenvólvense ao aire libre. Aconsellable levar roupa e calzado axeitado para camiñar nas zonas de pastoreo. Dispóñense de baños na granxa familiar.

## GANDERÍA CASTELO SC

1.- Nome da granxa: Gandería Castelo SC.

2.- Localización: Maciñeira – Rigueira. A Pastoriza.

Coordenadas: 43.3105, -7.3974. Ubicación: <https://maps.app.goo.gl/Gi7sRezEPXEd2g2M8>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 30 alumnos/as.**

4.- Actividades:

- Granxa familiar de gando vacún de leite con recría e sistema de muxido con robot.
- Interacción coas actividades diarias da granxa.
- Taller de muxido dunha vaca.
- Degustación de produtos derivados do leite: leite producido na propia granxa acompañado de biscoito caseiro.



5.- Custo das actividades: 600 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 horas.

6.- Contacto: **Laura Camiño, tef. 678 99 45 10**

Correo: [lauracaminoprieto@gmail.com](mailto:lauracaminoprieto@gmail.com)

7.- Accesibilidade: as actividades desenvólvense en parte ao aire libre. Dispóñense de baños na propia granxa, no interior das instalacións. Aconsellable traer roupa e calzado axeitado para o interior da granxa. Facilitade de aparcamento na entrada da propia granxa.

## GANDERÍA CID

1.- Nome da granxa: Gandería Cid.



2.- Localización: Vilamartín Pequeno. Barreiros.

Coordenadas: 43.4979, -7.1974. Ubicación: <https://maps.app.goo.gl/vzkG9aXbG9h1bG7c8>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 50 alumnos/as**. Aconsellable en **maio ou xuño**.

4.- Actividades:

- Granxa leiteira familiar de gando vacún.
- Certificado *Welfare Quality*, que acredita o benestar animal e bo manexo do gando.
- Vacas participantes en concursos internacionais, con importantes premios e recoñecementos (exemplar calificado como “mellor vaca de España” 4 anos consecutivos, con calificación de “excelente”). Gran Campeona nacional no ano 2007 con “Rosalía” e Gran Campeona de Vacas Rojas Nacional no ano 2023 con “Rocío”
- Cría de gando vacún de carne e becerros engordados como *Ternera Gallega Suprema*.



5.- Custo das actividades: 600 €/xornada, IVE incluído. Duración 2 horas.

6.- Contacto: **Bonet Cid**, tef. **699 145 766**.

Correo: [bonetcid@gmail.com](mailto:bonetcid@gmail.com)

7.- Accesibilidade: as actividades desenvólvense en parte ao aire libre. Dispóñense de baños na propia granxa, no interior das instalacións. Aconsellable traer roupa e calzado axeitados para camiñar no interior das instalacións da granxa. Facilidade de aparcamento na entrada da propia granxa.

## GANDERÍA DOCAMPO

1.- Nome da granxa: Gandería Docampo (Isaac López Moldes).



2.- Localización: Lugar de Frontoi – Vilabade. Castroverde.

Coordenadas: 43.0428, -7.3036. Ubicación: <https://maps.app.goo.gl/pLiT3ktmsmfE3DbZA>

3.- Condicións da actividade: **MÁXIMO 30 alumnos/as**. Aconsellable antes de Novembro.

4.- Actividades:

- Granxa familiar mixta de vacún autóctono en extensivo (raza Frieiresa), ovino de raza Churra e gando cabrún con exemplares de Raza Boer.
- Actividades de manexo cos cordeiros e cabritos en época de parideira.
- Aprendizaxe no adestramento dos cans de pastoreo de raza Border Collie, cun can de traballo in situ coas ovellas, observando como treina no aprisco.
- Visita ao muíño de auga rehabilitado por dentro e explicación do seu funcionamento.
